



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG), PARA O FINANCIAMENTO DE SERVIZOS ESPECIALIZADOS DIRIXIDOS A PERSOAS XORDAS, XORDOCEGAS E CON DISCAPACIDADE AUDITIVA RESIDENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO MANTEMENTO DA FEDERACIÓN PARA O EXERCICIO 2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que esta dirección xeral ten previsto formalizar coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (**FAXPG**) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización e ata o 31 de decembro de 2020. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase FAXPG dende o 1 de xaneiro de 2020 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social

Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas xordas, xordocegas e con discapacidade auditiva, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que a entidade aparece expresamente reflectida no estado de gastos dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 como beneficiaria individualizada así como o obxectos subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social do mantemento de FAXPG e dos servizos especializados que FAXPG ten previsto desenvolver durante o ano 2020

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 36 a) e no artigo 37 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade FAXPG aparece expresamente reflectida no





estado de gastos dos orzamentos da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2020 como beneficiaria individualizada así como o obxecto subvencionado e a súa dotación orzamentaria.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a súa estrutura orgánica, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

